

## En que consiste o proceso participativo da humanización da Rúa San Roque?

Queremos humanizar a rúa San Roque nos seus dous tramos (dos Ferreiros á Avda. de Castelao e daqui á Ponte dos Remedios). O primeiro tramo executarase xa nos vindeiros meses. Para definir a humanización do segundo tramo queremos contar coa opinión, as ideas e a participación da cidadanía. Coa intención de facilitar esa participación, o goberno encargou a un equipo técnico de prestixio en accións de rexeneración urbana a redacción dunha proposta inicial que agora vos presentamos. Esta proposta é o punto de partida. O punto de chegada será o proxecto final que se redactará logo de concluído este proceso de participación social e unha vez escoitadas e recollidas todas as suxestións, ideas, críticas e propostas veciñais.

### Como se pode participar?

Os mecanismos de participación son dous:

- A través da web do concello [www.pontearreas.gal/pontearreasoteufogar](http://www.pontearreas.gal/pontearreasoteufogar) onde poderás acceder aos detalles da proposta técnica e facernos chegar as túas ideas.
- A reunión que celebraremos o vindeiro xoves 21 ás 20:30 na Sala Multiusos do Auditorio Reveriano Soutullo.

## En que consiste a actuación proposta?

Ofrécense dúas alternativas:

**Alternativa A:** contempla un só sentido de circulación na maior parte da rúa, aparcamentos na beira dereita. Esta alternativa é a que ofrece máis superficie para as persoas.



**Alternativa B:** contempla dobre sentido de circulación, aparcamentos na beira esquerda e beirarrúas máis estreitas que na alternativa A.



### Cómo se financiará a humanización na rúa San Roque?

Para executar as obras o Concello dispón dos cartos necesarios. A Unión Europea concedeu a Pontearreas 5 millóns de euros para o programa “Pontearreas habitat saudable” e o concello está por fin saneado. Unha vez se redacte o proxecto definitivo, tendo en conta as opinións da veciñanza, a obra poderase executar ao longo do ano 2019.

## Que persigue a humanización?

A medida encádrase no obxectivo de rexenerar a vila de Ponteareas fomentando e dando prioridade aos desprazamentos a pé e en bicicleta. A Rúa San Roque é o acceso a un espazo natural e patrimonial de grande valor: río Tea, Ponte dos Remedios, capela, praia fluvial e parque de San Roque.

A humanización do primeiro tramo, cun custo de 171.000 euros, cambiará a rúa pensando no tránsito seguro e cómodo de persoas, con beirarrúas amplas, pavimento de calidade e arborado.

O segundo tramo tamén se atopa moi degradado actualmente, sen apenas beirarrúas e arborado na calzada. A proposta técnica contempla renovar toda a rúa, unha pavimentación con materiais nobres, amplas beirarrúas e pasos de peóns ao mesmo nivel, aparcamento e arborado, mobiliario urbano, iluminación e renovación de servizos soterrados convertendo a rúa nun paseo até o Tea.

*A proposta de humanización da Rúa San Roque únese ao primeiro tramo do Paseo Matutino, Praza de Bugallal, Rúa Redondela, Auditorio-Mercado, entorno da Piscina Municipal, reforma da Feira Vella, Avenida de Castelao e outras que están executadas ou en fase de licitación ou en procesos de participación social.*



Plano da humanización de toda a rúa San Roque

### ***Ponteareas o teu fogar***

*Queremos que Ponteareas sexa o teu fogar. Unha vila ordenada, curiosa, coidada. Un lugar accesíbel, habitábel, cómodo e agradábel. Unha vila verde e sombreada. Un lugar fermoso, limpo, saudábel, seguro e tranquilo. Coma a túa casa, coma o teu fogar.*

**PONTEAREAS O TEU FOGAR**



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional

**PONTEAREAS**  
CONCELLO

*Un xeito de facer Europa*

# HUMANIZACIÓN RÚA SAN ROQUE

**PROCESO PARTICIPATIVO**

**Exposición pública**

**Xoves 21 de marzo – 20:30 h**

**Sala Multiusos do Auditorio**

**Reveriano Soutullo**

[www.ponteareas.gal/ponteareasoteufogar](http://www.ponteareas.gal/ponteareasoteufogar)